

① Ingresa a cantidade correspondente en calquera sucursal de Novacaixagalicia e indica o código e título do obradoiro.

② Cubre a ficha de inscrición facilitada nos puntos de información e matrícula, ou ben no enderezo web:

extension.uvigo.es > **Cultura** > **Obradoiros**

③ Entrega o resguardo do ingreso bancario, a ficha de inscrición cuberta e un documento que xustifique a túa pertenza á Universidade de Vigo e ser bolseiro/a de ser o caso.

info-matricula

CAMPUS VIGO
Extensión Universitaria
Edificio Miralles
As Lagoas-Marcosende
986 813 626

CAMPUS VIGO (CIDADE)
Rexistro Auxiliar
E.E. Industrial (Peritos)
Torrecedeira, 86
986 813 610

CAMPUS PONTEVEDRA
Rexistro Auxiliar
E.E. Forestal
A Xunqueira
986 801 955

CAMPUS OURENSE
Rexistro
Edificio Administrativo
As Lagoas
988 387 103

PREZOS

40 € público en xeral

30 € membros da comunidade universitaria

20 € alumnado bolseiro da Universidade de Vigo

CRÉDITOS

2 Libre elección / 1 ECTS

Extensión Universitaria
Universidade de Vigo

extension.uvigo.es > **Cultura** > **Obradoiros**

OBRADOIROS 2011/12
primeiro cuadrimestre



PRAZO DE MATRÍCULA
DO 26 DE SETEMBRO AO 7 DE OUTUBRO

2011/701 INICIACIÓN Á FOTOGRAFÍA DIXITAL – LALO VILLAR

Situación actual da fotografía. Tipos de cámaras. Controis das cámaras. Informática para a fotografía. Retoque fotográfico. Creación de páxinas web e álbumes dixitais. Técnicas de mellora de fotos.

LUGAR: EU de Empresariais (Aula 01)

HORARIO: luns de 18:00 a 21:00 h. | DATA DE INICIO: 10 de outubro | DURACIÓN: 30 horas | PRAZAS: 20

RECOMÉNDASE LEVAR CÁMARA

2011/702 GUITARRA I – FRANCISCO ALMODÓVAR ALONSO

Iniciación aos fundamentos básicos de guitarra: acordes,...

LUGAR: Edificio Miralles (Sala de obradoiros)

HORARIO: luns de 10:00 a 13:00 h. | DATA DE INICIO: 10 de outubro | DURACIÓN: 30 horas | PRAZAS: 10

IMPRESINDIBLE LEVAR GUITARRA

2011/703 GUITARRA II – MARCOS RIVERA

Para seguir este obradoiro é necesario ser quen de tocar algunha melodía ou punteado fácil, con puga ou con dedos, e saber peitear con maior ou menor soltura.

LUGAR: Edificio Miralles (Sala de obradoiros)

HORARIO: martes de 10:00 a 13:00 H | DATA DE INICIO: 11 de outubro | DURACIÓN: 30 horas | PRAZAS: 10

IMPRESINDIBLE LEVAR GUITARRA

2011/704 INICIACIÓN AO TEATRO – PEPA BARREIRO (TEATRO DE NINGURES)

Traballo de corpo: sensibilización e percepción corporal, o corpo no espazo, o corpo en relación cos outros. Traballo vocal: respiración, resonadores, alento, son e vibración. Improvisación: a partir dunha situación, a partir dun obxecto, a partir dun movemento, a partir dun texto.

LUGAR: Edificio Miralles (Sala de obradoiros)

HORARIO: luns e mércores de 16:00 a 19:00 h. | DATA DE INICIO: 10 de outubro | DURACIÓN: 30 horas | PRAZAS: 15

2011/705 OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á MAXIA – MAGO CALI

Aprender varios xogos de maxia, así como xogos de matemática e física recreativa: xogos con papeis, panos, cordas, cartas,... Ao remate do curso organizarase un espectáculo de maxia por parte dos/as asistentes con algún dos xogos aprendidos no curso.

LUGAR: Edificio Miralles (Sala II)

HORARIO: martes e xoves de 16:00 a 18:00 h. | DATA DE INICIO: 11 de outubro | DURACIÓN: 30 horas | PRAZAS: 20

2011/706 LIBREOFFICE AVANZADO, A SUITE OFIMÁTICA DO SOFTWARE LIBRE EN GALEGO – MIGUEL ÁNGEL BOUZADA, CARLOS RODRÍGUEZ

Traballar en profundidade con documentos ofimáticos: procesador de texto co LibreOffice Writer, follas de cálculo co LibreOffice Calc e facer presentacións co LibreOffice Impress.

LUGAR: Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (Aula T-105)

HORARIO: luns e mércores de 15:00 a 17:00 h. | DATA DE INICIO: 10 de outubro | DURACIÓN: 30 horas | PRAZAS: 18

2011/707 PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS – PROFESIONAIS DO SPRL DO HOSPITAL XERAL CÍES, DA UNIVERSIDADE DE VIGO, DA USC E BOMBEIROS DO MORRAZO

Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo. Riscos xerais e a súa prevención. Riscos específicos e a súa prevención. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos. Primeiros auxilios. Visitar unha empresa.

LUGAR: Fac. de Filoloxía e Tradución - Bloque C (Aula C2)

HORARIO: luns e mércores de 16:00 a 19:00 h. | DATA DE INICIO: 10 de outubro | DURACIÓN: 33 horas | PRAZAS: 50

2011/708 MODELADO 3D E ENTORNOS VIRTUAIS: BLENDER E SKETCHUP XULIO FERNÁNDEZ, JOSÉ CARLOS TORRES, IGNACIO BOUBETA, JAVIER REGUERA

Introdución á realidade virtual. SketchUp. X3D. Creación de modelos 3D con Blender.

LUGAR: Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (Laboratorio 3)

HORARIO: martes e xoves de 18:00 a 20:00 h. | DATA DE INICIO: 11 de outubro | DURACIÓN: 30 horas | PRAZAS: 20

2011/709 PANDEIRETA, CANTO E BAILE TRADICIONAL GALEGO MARÍA PREGO E LUIS PREGO (A.C. ALBENDEIRA)

Coñecementos básicos sobre a pandeireta. Técnicas instrumentais: movemento, posición das mans, recursos sonoros. Diferenciar e executar diversos ritmos bailables. Aprendizaxe de bailes sinxelos. Saida de campo.

LUGAR: Edificio Miralles (Sala de obradoiros)

HORARIO: martes e xoves de 16:00 a 18:00 H | DATA DE INICIO: 11 de outubro | DURACIÓN: 30 horas | PRAZAS: 15

2011/710 ORTOFONÍA: COIDADOS E HIXIENE DA VOZ – PABLO GARCÍA

Tomar conciencia da necesidade do coidado da voz. Coñecer a fisioloxía. Distinguir as patoloxías. Coñecer os factores determinantes para o estado da voz. Aplicar os principios e as técnicas de prevención e hixiene da voz. Aprender a potenciar as posibilidades da nosa voz. Adquirir saudables patróns vocais enfocados ao labor profesional.

LUGAR: Edificio Miralles (Sala de obradoiros)

HORARIO: martes e xoves de 18:00 a 20:00 h. | DATA DE INICIO: 11 de outubro | DURACIÓN: 30 horas | PRAZAS: 20

2011/711 INICIACIÓN Á EDICIÓN DE VÍDEO CON SOFTWARE GRATUITO JAVIER REGUERA, IAGO LANDESA, ROI MENDEZ, LUCIA TEJEIRO

Introdución ao vídeo dixital. Uso de ferramentas de software libre para edición de secuencias de vídeo. Emprego de utilidades para procesado de audio. Rotulación e subtítulos nas secuencias. Animación 2D sobre vídeo dixital. Autoría de DVD: creación dun DVD final con menú de inicio, capítulos, transicións, álbum fotográfico,...

LUGAR: Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (Laboratorio B6-B)

HORARIO: luns e mércores de 16:00 a 18:00 h. | DATA DE INICIO: 10 de outubro | DURACIÓN: 30 horas | PRAZAS: 20

FICHA DE INSCRICIÓN

Obradoiro

Código

Nome e apelidos DNI | Pasaporte

Enderezo C.P.

Teléfonos email

Estudos | Profesión

Centro de estudos | Traballo

Para a devolución das taxas por cancelación do obradoiro

Entidade Num. conta

Taxas
40 € público en xeral
30 € membros da comunidade universitaria
20 € alumnado bolseiro da Universidade de Vigo

Ingreso da matrícula

En calquera sucursal de Novacaixagalicia
Mediante transferencia á conta 2080 0000 74 0040225994